




# HORA DE LER

Biblioteca do IESP A Cachada



# QUE É?

- Un día á semana, durante unha clase, sen importar a materia, o alumnado e profesorado dedicarase á lectura por pracer, en silencio e de forma individual.





# E QUE IMOS LER?



- A lectura será libre, podes ler o que queiras, un cómic, unha revista, o teu libro favorito, un libro con moitos debuxos, un conto de cando tiñas 6 anos, un libro de chistes, de monólogos... Incluso podes aproveitar para ler as lecturas obrigatorias dalgunhas materias...
- Debemos traer o libro da casa ou collelo en préstamo na biblio. Tamén hai biblios de aula.



# Pero non podemos...

- Facer traballos ou deberes.
- Estudar.
- Traer lecturas ofensivas ou inadecuadas para a vosa idade e para ler nun centro educativo.



# Cando imos ter a Hora de Ler?



- Teremos un calendario en cada aula.
- Empezarase un luns a primeira hora; para a seguinte semana, a Hora de Ler será á segunda hora do luns; para a seguinte, á terceira hora do luns e así sucesivamente.
- A Hora de Ler será de obrigado cumprimento.



# E se esquezo traer o libro?



- O profesorado pode darche unha lectura (que pode ser ou non do teu gusto) ou mandarche escribir un relato.
- Se esqueces varias veces traer o libro terá consecuencias. Vir sen material de forma reiterada está recollido como falta leve nas NOF.



# Que me aporta a Hora de Ler?



- Un momento de relaxación.
- A posibilidade de atopar o momento para a lectura e coller o hábito.
- Un pasatempo, unha forma de ocio, que:
  1. Aumenta a curiosidade e os coñecementos.
  2. Mellora a comprensión de textos, a gramática, o vocabulario e a escritura.
  3. Favorece o razoamento e o pensamento crítico.
  4. Estimula a creatividade e a imaxinación.
  5. Traballa a capacidade de concentración.
- Unha maneira de mellorar os rendementos académicos.





Ide pensando que libro ide  
traer e, se queredes ler algo  
novo ou precisades consello,  
pasade pola biblioteca,  
seguídenos en @bibliocachada.

